



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, PARA A
CREACIÓN DUN CENTRO GALEGO DE INNOVACIÓN DA FORMACIÓN
PROFESIONAL**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa formalizou coa Consellería de Economía, Emprego e Industria e coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de marzo de 2019 ata o 1 de marzo de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Sentar as bases de colaboración entre as partes para a creación dun Centro Galego de Innovación da Formación Profesional en Ourense, de xeito que se aposte pola innovación, a creatividade e o talento entre o alumnado e o profesorado da Formación Profesional, favorecendo o desenvolvemento industrial e a incorporación de novas tecnoloxías e dotando de capital humano altamente cualificado ao tecido produtivo galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Formación Profesional foi protagonista dende o ano 2009 dun grande avance, adaptándose á evolución do tecido social e económico de Galicia, de xeito que a día de hoxe existen 140 títulos de ciclos formativos adaptados ao tecido produtivo. A aposta por unha formación de calidade, innovadora e próxima ao territorio, con metodoloxías de vangarda como a FP Dual, supuxeron un gran incremento de inserción laboral e un aumento notable das matrículas. A Formación Profesional debe seguir adaptándose a estes cambios para que continúe a formar aos profesionais





que se necesitan. En concreto, para evolucionar no ámbito da innovación e potenciar unha formación profesional adaptada á industria 4.0 para que as empresas poidan contar con persoal cualificado, o Centro Galego de Innovación da FP de Ourense impulsará proxectos de innovación aplicada, novas contornas virtuais de simulación, a xeración de proxectos empresariais e a transferencia aplicada de patentes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímose xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional arriba referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Asinado dixitalmente por

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

